

soberanía nacional

xustiza social



MOVIMIENTO
POLA BASE

www.polabase.org

Soberanía nacional e xustiza social seguen a ser as claves desta mobilización na que cada 25 de xullo participamos as e os nacionalistas. Non podemos obviar o contexto político concreto: malia que nestes últimos dous anos a presenza do nacionalismo na Xunta e outras institucións permitiu mellorar a xestión e poñer en práctica algunhas medidas positivas, -coa superación definitiva da etapa do fraguismo, totalmente negativa-, a nosa identidade nacional segue a facer fronte a un proceso planificado de destrución mentres medra a dependencia económica e consolídase e aumenta a estratificación social. Nunha situación colonial como a nosa só será posíbel conseguir unha sociedade democrática e dona do seu destino cando se acade unha soberanía plena.

Así, a patronal galega non só se sabe apoiada: síntese a auténtica dona do país. Comproba como baixan os salarios reais, como se mantén a alta porcentaxe de temporalidade, como se impulsan ritmos de traballo insoportábeis ou se impoñen horas extras non pagadas. O que son beneficios para a patronal son retrocesos para as persoas traballadoras, particularmente o aumento da precariedade na mocidade e o desemprego das mulleres. O crecemento da economía a bo ritmo, acompáñase da destrución acelerada do sector agro-gandeiro e da pesca. Así, 150.000 persoas fican anotadas como desempregados nas listas das oficinas de colocación, setenta e cinco mil residentes na nosa nación fixeron contratos noutras autonomías do Estado español, e varios milleiros máis emigraron a países da Unión Europea.

Mantéñense actuantes todos os mecanismos económicos e sociais que frean a normalización da nosa cultura e da nosa lingua. Non hai dúbida de que hai novas medidas institucionais (froito esencialmente do esforzo do nacionalismo) das que cómpre esperar efectos positivos, que nunca serán inmediatos. Porén após dous anos de axir, non son moi magros os resultados? non será necesario tensar o debate social sobre a nosa historia, cultura e lingua con medidas máis atrevidas e a mobilización do nacionalismo?...

As eleccións municipais representaron (máis unha vez) perda de votos para o nacionalismo. Nunha porcentaxe cativa, mais que indica un afastamento de sectores da mocidade e da clase traballadora. Amosa a necesidade dunha mensaxe máis nidia na cuestión nacional e laboral -porque hai unha forte loita de clases!. Porén, un reparto diferente dos votos no ámbito territorial garante unha maior presenza institucional; trátase dun feito positivo que cómpre aproveitar para xerar coñecemento e conciencia política sobre a identidade nacional; e ademais para aumentar a participación, organización e mobilización das clases populares, imprescindible para poder superar os moitos retos aos que nos enfrontamos.

No escenario internacional, non podemos ignorar feitos como a incapacidade do imperialismo para derrotar a resistencia en Iraq, Líbano, Afganistán e Palestina, e nomeadamente a existencia tamén dunha ofensiva de alternativas, soberanistas e redistribuidoras da riqueza, en Venezuela, Bolivia, Ecuador ou Nicaragua, e a capacidade de Cuba para resistir o bloqueio; reflicten un cambio de tendencia no que o nacionalismo galego debe elaborar a súa propia achega.

As inmensas mobilizacións de traballadores e traballadoras nas folgas xerais, de profesores e estudantes contra as reformas educativas regresivas, ou as grandes protestas populares polo desastre do Prestige e contra a guerra e ocupación do Iraq, non son acontecementos do pasado recente, sen continuidade no presente e sen consecuencias para o futuro. As últimas folgas no metal ou na construción de Pontevedra, as protestas de Serrabal, e tantas outras manifestación, amosan unha participación crecente na mobilización laboral, especialmente da clase obreira, nun escenario novo e que se entende como máis favorábel. A loita favorece ao nacionalismo e estas mobilizacións deben ser apoiadas e alentadas desde as institucións, alí onde este teña responsabilidade de goberno, porque son necesarias e deben ser un activo na confrontación política.

Desde o Movemento pola Base reiteramos hoxe no Día da Patria o noso compromiso, adquirido xa na pasada Asemblea Nacional do BNG, de traballar pola recuperación do proxecto orixinario do nacionalismo: frontista, asemblear, participativo e democrático; transformador, soberanista, de esquerdas e traballando en pé de igualdade cos movementos sociais do país. Nese camiño, e co obxectivo de seguirmos a articular un espazo político imprescindible a día de hoxe, estamos inmersos nun proceso constituínte encamiñado á crización dunha nova organización que traballe no seo do BNG e dos movementos sociais (desde o sindicalismo ao movemento feminista, desde o ambientalismo aos Centros Sociais), superando carencias e erros de modelos anteriores e apostando firmemente por unha práctica política que privilexie o traballo social, a mobilización e a participación popular, un proxecto revolucionario centrado nas clases populares e que comece a construír aquí e agora, desde a base, a sociedade nova pola que loitamos. Nese camiño aspiramos a encontrarnos co conxunto das e dos nacionalistas deste país.

movementopolabase@gmail.com